



<b>MODELO SILVÍCOLA</b>	<b>PS1</b>
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Pinus sylvestris</i> L., aplicable a formacións mixtas con outros piñeiros ou frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Produción multifuncional. Madeira de serra e chapa. 250 pés/ha de calidade en corta final.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Tódolos distritos forestais das provincias de Lugo e Ourense, Distritos XVI e XVII (Pontevedra).	

<b>REXENERACIÓN</b>	
Marco e densidade de plantación	3 a 3,5 m (entre liñas). Densidades entre 1.100 e 1.600 pés/ha, segundo pendente e obxectivo da reforestación. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Reposición de marras e roza total no primeiro ano. Mantemento mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas liñas de plantas. Rozas perimetrais de prevención de incendios. Posible mantemento con gando, con roza previa da matogueira se é necesario, cargas de 0,2 vacas ou 0,3 cabalos/ha. Aboado de implantación recomendado (N,P,K), baixo en nitróxeno, granulado soluble ou de liberación gradual, aplicación conforme ao tipo de abono empregado.

<b>TRATAMENTOS SILVÍCOLAS</b>	
Podas	Poda baixa (2,5-3 m) cando o diámetro normal medio (dn) é de 10 cm, sobre a totalidade dos pés presentes. Poda alta ata 5,5-6 m, cando o dn acade 18 cm, sobre árbores de porvir de máis de 12 m de altura, 300-400 pés/ha, ao fin de garantir que se hai danos cheguen á corta final 250 pés/ha. Intensidades de poda até un 1/2 da altura total da árbore.
Desmestas	Durante os primeiros 5 anos, no caso de rexeneración natural, ata deixar a densidade indicada (1.100 – 1.600 pés/ha). Aos 15-30 anos realizaranse unha ou dúas desmestas ata unha densidade de 750-900 pés/ha. Obteríase madeira de puntal para facer achas. En caso de non aproveitarse, tratamento de restos por trituración ou espaxado, segundo lexislación vixente, no 50% das entreliñas.
Rareas	30 a 50 anos, realizaranse rareas cada 5-8 anos. 50 a 80 anos, realizaranse rareas cada 8-10 anos. Regularanse as rareas en función da calidade de estación, desenvolvemento dos pés e riscos de derruba por vento. Redución progresiva de densidade ata acadar 250 pés/ha de calidade. Consideración dos efectos protectores e a produción de cogomelos para a regulación das rareas. Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas nas rareas. En masas mixtas con outros piñeiros, seleccionar como individuos a extraer aqueles con menor adaptación á estación. Cando menos deixar entre 5-10 anos para realizar a corta de rexeneración (dependendo da calidade de estación).





<b>CORTA FINAL DE REXENERACIÓN</b>	
Idade de corta	60-100 anos (dependendo da calidade de estación). Priorizar quedas longas para manter modelos de combustible de frouma baixo arborado como estratexia preventiva de incendios. Posibilidade de anticipar a queda en caso de problemas sanitarios, de estabilidade ou de desenvolvemento do rodal.
Métodos de corta	Cortas a feito, a feito en dous tempos, por rareo sucesivo ou mesmo cortas por entresaca en montes protectores. Tratamento de restos de acordo coa normativa vixente. Aproveitarase a rexeneración avanzada ou a que derive das cortas, replantando tras dous anos necesariamente se non se acada a rexeneración natural.

